



## Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Traballo fin de  
grao

O K-pop como  
ferramenta  
educativa e de  
difusión cultural

**Xullo 2017**



## Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Traballo fin de  
grao

O K-pop como  
ferramenta  
educativa e de  
difusión cultural

Titor:

Alumna:

**Xullo 2017**

Traballo fin de grao presentado na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao de Ciencias da Cultura e Difusión Cultural



## Índice

1. Introducción .....	5
2. O milagre coreano .....	10
2.1. O xurdimento do K-pop .....	12
3. Un medio didáctico entretido .....	18
4. Conclusión.....	26
5. Referencias .....	29



## 1. Introducción

Dende os inicios dos tempos, a música foi unha das grandes manifestacións culturais creadas ó redor de todo o planeta, arte capaz de viaxar polo mundo con gran rapidez e facilidade, chegando ós recantos máis afastados e aparentemente inaccesibles. Unha forma de expresión e representación dos sentimentos e pensamentos da humanidade capaz de emocionar, motivar, axudar e acompañar a todo aquel necesitado dela, sen ter en conta xéneros, idades, procedencias ou relixións (Korean Culture and Information Service South Korea, 2011, p. 16).

Parece de vital importancia ter presente esta interacción continua das distintas músicas do mundo xa dende os primeiros pasos da civilización. Nunha sociedade cada vez máis globalizada, onde as críticas sobre a homoxeneización cultural e a supremacía de EEUU están á orde do día e serven para realizar centos de traballos e ensaios sobre os seus beneficios e perigos, debe terse presente que este influxo, interacción e influencia non é algo actual, aínda que si ocorra a unha maior escala.

A revolución tecnolóxica e o emprego de internet por unha gran porcentaxe da poboación mundial fai que sexa máis sinxela e rápida a interacción entre culturas e que distintas persoas de puntos opostos do mundo poidan chegar a coñecerse. Desta maneira, a influencia e interacción que existiu entre comunidades ó longo de toda a historia da civilización atópanse agora multiplicadas e, ó mesmo tempo, permiten unha maior selectividade entre o que interesa a cada individuo e o que non, pois existe un amplo abanico de posibilidades para elixir.

Pero o mundo é moi amplo e, o que acontece e aconteceu nel ó longo de todos os séculos pasados, demasiado extenso para poder abarcalo en profundidade e facerlle xustiza neste traballo. É por iso que, tomando como referencia tanto a globalización e o intercambio cultural actuais como a importancia que ten a música neste proceso interactivo mundial, o tema principal deste traballo vaise versar no papel que desempeña –e pode chegar a desempeñar- un estilo concreto desta arte milenaria, que non é outro que a súa música pop contemporánea procedente de Corea do Sur: o K-pop.

Aínda que na actualidade para un gran número de persoas a palabra “K-pop” estea relacionada co gran éxito de PSY e a súa canción “*Oppa Gangnam Style*”, a realidade é que, especialmente na última década, este estilo de música coreana foi gañando pouco a

pouco adeptos tanto a nivel nacional coma internacional. A multitude de *fandoms* existentes, de concertos en países de Asia, América e Europa realizados por multitude de grupos coreanos (Choi, 2015, pp. 2-4) e a visibilidade cada vez maior deste fenómeno a través de nominacións e entregas de premios de renome mundial, reportaxes e documentais sobre o K-pop en multitude de países ou a publicación de traballos que gardan relación co mesmo, son probas da súa repercusión e dun peso cada vez maior dentro do panorama musical actual.

Sen facer mención ós beneficios económicos nin á expansión no mercado internacional xerados grazas á tecnoloxía, o K-pop é un factor clave para que Corea do Sur comece a ser un país coñecido e recoñecido máis alá das súas propias fronteiras, e o seu éxito se debe en gran parte ó talento, ó traballo e ó esforzo de todo un grupo de xente nova que pretende cumprir os seus soños (Fuhr, 2015, p. 77), así como do apoio do propio goberno coreano, coñecedor dos beneficios da expansión da música pop para a economía do país (Choi, 2015, pp. 5-9). E, polo que respecta ós resultados dos últimos anos, toda ese labor e inversión ten a súa recompensa. Pódese poñer como exemplo o caso do grupo BTS –abreviatura de Bangtan Sonyeondan, tamén coñecidos internacionalmente como Bangtan Boys-, os cales gañaron nos premios Billboard Music Awards do ano 2017 o premio *Billboard Top Social Artist* (Billboard, 2017). Un éxito sen precedentes, pois os grupos e artistas de orixe asiático apenas contan con representacións nos premios musicais de maior relevancia a nivel internacional e, alén diso, este premio fora entregado nas últimas sete edicións a Justin Bieber. Un triunfo que se suma ó anteriormente conseguido polo grupo Big Bang, que xa no 2011 gañaran o *Best Worldwide Act* nos EMA (GhostWriter, 2011).

Fenómeno xurdido nos anos 90 coa aparición de grupos formados por xente nova, talentosa e con boa presenza física ó máis puro estilo dos grupos americanos de moda nese momento (Fuhr, 2015, p.75) -como os Backstreet Boys ou NSYNC<sup>1</sup>-, a adaptación dos sons R&B do continente veciño a un estilo máis oriental foi suficiente para crear unha moda que, co paso dos anos e a aparición dunha nova xeración, foi consolidándose

---

<sup>1</sup> Ambos grupos formaron parte do “boom” dos anos noventa conformado por grupos de cantantes que, ademais, tiñan grandes habilidades para o baile e estaban destinados a atraer á mocidade, especialmente ó xénero feminino. Mentres que o primeiro grupo segue a facer música e sacar discos, no caso de NSYNC o único dos membros que segue activo a nivel global na actualidade é o cantante e actor Justin Timberlake.

e perfeccionándose ata chegar a ser unha das industrias con maior atracción de capital en Corea do Sur.

Este traballo pretende esclarecer o éxito dun fenómeno artístico que é recoñecido a nivel mundial, cuxa distribución e consumo parece aumentar ano tras ano, logrando que tanto a xuventude do país como unha porcentaxe de fans internacionais sentan unha devoción case relixiosa por un estilo musical único e apenas clonado en calquera outra parte do mundo.

Trátase de entender como un grupo de cinco persoas menores de 20 anos son capaces de cativar ó público coas súas voces, os seus bailes e as súas personalidades e lograr, desta maneira, que eses espectadores teñan gañas de ver e saber máis, que consuman tanto física como dixitalmente todo tipo de contidos musicais, programas, series e *merchandising*; que aprendan un alfabeto novo e aprendan palabras e frases máis básicas; que viaxen a outros países soamente para ver un concerto ou que se relacionen con outras persoas cos mesmos gustos -xa sexa en primeira persoa como a través de blogs, foros e RRSS- (Korean Culture and Information Service South Korea, 2011, pp. 22-23).

En definitiva, encontrar un pasatempo que permita ter máis cultura, relacionarse con outras persoas –en moitos casos de países distintos, especialmente cando se trata de fans internacionais- e sentirse parte dun grupo de xente, aspectos a ter moi en conta neses anos da vida adolescente e que repercuten directamente na súa formación como ser humano.

Pero tamén tentarase defender o emprego do K-pop non soamente para uso individual nun ámbito privado por parte do consumidor, mais tamén como ferramenta no sistema educativo –particularmente na Secundaria-. Un método de atracción por parte do profesorado para introducir a música oriental ó seu alumnado a través de melodías contemporáneas máis próximas ó estilo musical consumido pola mocidade no seu día a día.

Un intento por fomentar un intercambio cultural que, aínda que na actualidade se produce de forma máis globalizada, realízase dende os inicios da Historia humana. No caso coreano, xa dende os séculos VIII e IX a península estivo fortemente influenciada por parte de China e India, servindo ó mesmo tempo coma ponte de intercambio entre o



continente e os reinos de Xapón. A arte non era unha excepción a estas correntes de correlación, pois do mesmo xeito que a música tradicional do país nipón -a denominada *Gagaku*- está composta de varias ramas e que dentro de ditas ramas existe un estilo musical que debe a súa creación á influencia por parte da música coreana, acontece o mesmo ca creada na propia Corea, a cal bebía tanto do influxo de China e outras culturas do continente como das terras xaponesas (Profesor Pope, 2016). Un proceso de intercambio cultural e artístico que foi evolucionando e adaptándose ás necesidades sociais de cada época ata chegar ó momento actual.

Do mesmo xeito que se poden citar centos de exemplos para falar das influencias e fusións de estilos que se produciron ó longo dos séculos -como é o caso do *Gagaku*-, é plausible empregar o K-pop como un dos modelos de unificación de estilos e tendencias musicais con maior éxito para situalo nun escenario contemporáneo; a fusión dos máis puros estilos americano e europeo coa música coreana permite ó mesmo tempo manter a esencia da segunda e obter sons que apelen máis ó público de masas. Unha mestura entre o exotismo dun país oriental e os tempos máis familiares e atractivos da música popular occidental –especialmente a procedente dos EEUU-.

A propia experiencia persoal tras unha inmersión de nove anos no mundo do K-pop e de Corea do Sur servirán como guía para delinear os obxectivos que se pretenden conseguir con este traballo, delineando os motivos polos que o pop coreano pode empregarse para resaltar os coñecementos que se poden adquirir sobre unha cultura cos estímulos apropiados e un pouco de interese.

A música é unha das artes máis antigas do mundo, presente en todos os recunchos do mundo, agochada entre cada tribo e capaz de expresar o sentimento e forma de ver a vida únicos de cada unha, sempre fácil de diferenciar polo seu son distintivo. Fala sobre unha sociedade ó resto da humanidade e é capaz de achegar a xente dispares de todo o planeta que, de outro xeito, nunca se terían coñecido nin molestado por facelo.

Cura corazóns, acompañanos nos nosos momentos de dor e pena tanto como nas noites de festa e as celebracións máis importantes da nosa vida. Fan que nos sintamos comprendidos cando parece que non hai ninguén ó noso arredor que poida facelo, fan nosas viaxes máis lixeiras e describen cada realidade social do momento. Cancións que soaron en épocas sombrías, sempre burlando as prohibicións con artimañas dificilmente plausibles doutra maneira, enviando unha mensaxe que era entendida por aqueles que

sentían o mesmo nos seus corazóns. A música é capaz de facer visibles problemas como as desigualdades de xénero e son capaces de reter a pesar do tempo unha realidade vivida fai anos.

Fai pensar, chorar, rir, cantar e bailar. E tamén aprender, se a persoa está o suficientemente atenta e interesada.

É un elemento especialmente influente nos adolescentes, que se atopan nesa etapa da vida onde pensan que ninguén os comprende e a música significa un refuxio para as súas dores e inquietudes. Por iso, o exemplo do K-pop parece moi relevante á hora de chamar a atención a esa mocidade tan dentro de si mesma e lograr que teñan curiosidade por algo máis, sacando a cabeza do seu recuncho e percibindo que a realidade é moito máis grande do que pensaban e que poden ter todo un mundo alá fora esperando por eles. E, nese proceso, aprender e descubrir outros estilos de vida sen apenas sentilo, converténdose nunha persoa cun universo mental moito máis rico e libre de ataduras e prexuízos sen sentido.

## 2. O milagre coreano

Un dato relevante a ter en conta neste traballo é o da rápida, case milagrosa recuperación e evolución de Corea do Sur trala ocupación xaponesa (Sánchez García, 2010)<sup>2</sup> e a Guerra de Corea, que tivo lugar entre 1950 e 1953 (Galafilm Production y Pathé Archives, 2003), dous sucesos que acaeceron nun curto período de tempo e que deixaron ó país dividido e destruído, sen apenas capacidade de auto-abastecemento durante os primeiros anos tras o fin desa guerra civil. Desta maneira, o novo país creado, o agora denominado Corea do Sur ou República de Corea, pasou de ter unha poboación na que o 80% dos seus habitantes dedicábanse á agricultura nos anos 50 a que dito sector supuxera soamente o 10% do PIB total nos anos 80 (Galafilm Production y Pathé Archives, 2003) e unicamente o 3% na actualidade<sup>3</sup>.

Hoxe en día, Corea do Sur é un dos países máis fortes no mercado tecnolóxico e industrial a nivel mundial, e o Índice de Desenvolvemento Humano da ONU situábase no posto 17 no ano 2014<sup>4</sup>, algo que parecería imposible nos anos 50, cando a maior parte da poboación vivía no rural, era analfabeta e apenas tiña material para fabricar a súa propia roupa (El milagro coreano, 2013).

Agora ben, a evolución dende os anos 50 ata a actualidade non foi un camiño sinxelo e sen incidentes. Cun Golpe de Estado incluído, realizado polo xeneral Park Chung Hee no ano 1970, e cuxo réxime militar e ditatorial continuou ata o seu asasinato no ano 1979<sup>5</sup>, Corea do Sur pasou por varias crises económicas que se sentiron fondamente dentro da sociedade, pero das que sempre lograron saír grazas ó seu esforzo e traballo (El milagro coreano, 2013) .

É nestes anos, despois da Guerra de Corea e coa Guerra Fría como pano de fondo, cando o novo país recibe grandes influencias de EEUU, nación aliada durante o conflito

---

<sup>2</sup> 1910-1945. A data 1910 fai referencia ó ano da anexión da península coreana ó Imperio xaponés, a pesares de que a ocupación nipona comezara xa a finais do século XIX.

<sup>3</sup> Información obtida a partir da páxina oficial do Ministerio de Exteriores. Oficina de información diplomática, 2016. *Corea del Sur, República de Corea* [arquivo PDF]. Ministerio de Exteriores.

<sup>4</sup> Información obtida da páxina Datosmacho, a partir dos datos sobre o Índice de Desenvolvemento Humano en Corea do Sur.

<sup>5</sup> [Entrada de blog, resumo da historia do K-Pop]. (Sen data). The History of Kpop (and Korea). Cynical Kpop.

armado acaecido na península coreana. Influxo que afectará á sociedade en xeral –os coreanos, ó igual que os xaponeses despois da II Guerra Mundial, sufrirán unha “occidentalización” das súas costumes-, e á cultura en particular (Lie, 2015, p. 31).

E é nese momento da historia cando iranse asentando as bases do que en poucos anos será coñecido como o “Hallyu” ou Onda Coreana -denominada así por parte da comunidade china-, especialmente a partir dos anos 80, grazas á estabilidade política<sup>6</sup>, económica –aínda que se produzan as crises previamente mencionadas- e social. En 1989, un ano despois dos Xogos Olímpicos realizados entre Corea do Sur e Xapón, Lee Soo Man funda a que é na actualidade a compañía musical coreana máis importante e da que é o seu CEO: a SM Entertainment<sup>7</sup>. Nace así unha das bases centrais da música pop coreana, fogar dalgúns dos grupos e solistas máis famosos e representativos do fenómeno K-pop.

Pero, aínda que é nos anos 80 cando Lee Soo Man crea a súa empresa, non será ata os primeiros anos da década dos 90 cando finalmente aparezan os novos grupos característicos do pop coreano. Encabezados por “Seo Taiji and The Boys” –banda da que formaba parte o que anos máis tarde será o CEO da segunda compañía de música máis grande en Corea, Yang Hyun Suk-, a denominada “primeira xeración do K-pop” comezará a apelar ó público co seu atractivo físico, os seus bailes e as súas letras sinxelas tinxidas con palabras en inglés (Choi, 2015, p. 28).

Nomes que incluso os admiradores do K-pop máis recentes coñecen, tales como H.O.T., S.E.S. ou Baby V.O.X. (Lie, 2015, pp. 100-101), aparecen nestes anos para conformar esta nova marea musical que, con sons R&B e rap de influencias estadounidense (Choi, 2015, p. 3), logran atraer a unha grande masa de fieis fans; os mesmos fans que empregarán gran parte do seu tempo –e do seu diñeiro- a seguir cada movemento realizado polos seus ídolos e mercar calquera produto que garde relación con eles<sup>8</sup>.

---

<sup>6</sup> A partir da morte de Park Chung Hee instaurase o sistema democrático que perdura ata a actualidade.

<sup>7</sup> *The History of Kpop (and Korea)*. Cynical Kpop. idem

<sup>8</sup> Esta realidade social aparece moitas veces reflectida nas series coreanas, como por exemplo “Reply me, 1997”.

Desta maneira nace unha das industrias máis prolíficas do país e unha das principais fontes de ingresos para o Estado tanto directa como indirectamente, pois sectores como o turismo víronse influenciados de maneira positiva grazas ós fans que viaxan ata a península para poder ver en persoa ós seus asiáticos favoritos- principalmente coreanos, pero tamén existen membros xaponeses, chinos ou tailandeses dentro dalgúns destes grupos- en programas de música, concertos ou programas especiais<sup>9</sup>. A industria cultural toma forma e o propio goberno aliméntase del para cambiar a súa imaxe a nivel internacional e mellorar a súa economía (La ola coreana, 2013).

## 2.1. O xurdimento do K-pop

Aludiuse xa previamente neste traballo á grande influencia que ten a música estadounidense sobre o K-pop, e isto non se debe a motivos aleatorios, senón que asenta as súas bases no fin da II Guerra Mundial, a Guerra de Corea e, especialmente, na Guerra Fría. Como territorio baixo a protección de EEUU trala firma do Armisticio que puxo fin á guerra armada entre as dúas Coreas, o control militar americano e a difusión perpetua da súa música e costumes tiveron unha gran relevancia no pobo coreano durante as primeiras fases de recuperación do país.

Non obstante, hai outro país a ter en conta neste proceso previo á creación do K-pop, e este non é outro que Xapón. O país nipón xa contaba co denominado J-pop (Stevens, 2008) –música pop xaponesa- dende anos antes á aparición do fenómeno coreano, e foi este o principal modelo a seguir polo país da península unha vez a presenza de EEUU desapareceu e as influencias orientais volveron ter cabida entre os veciños (Dixon, 2011).

Cun desenvolvemento económico superior e a súa supremacía capitalista no continente asiático, Xapón volvía ser foco de interese e apreciación por parte dos coreanos. Pero o J-pop está tamén fortemente influenciado pola música estadounidense,

---

<sup>9</sup> A presenza de público internacional é cada vez máis evidente en programas como o “Idol Star Athletics Championships”, un especial que se emite dous veces ó ano –en verán e durante os días de celebración do Novo Ano Chino- e no que os grupos e solistas máis coñecidos do K-Pop reúnen nun estadio ou centro deportivo para realizar distintas probas atléticas nunha emulación dos Xogos Olímpicos, e a cuxa gravación poden os fans. Estes permanecen sentados nas gradas animando ós seus ídolos favoritos durante todo o día que dura a gravación.

polo que o son tradicional dos tempos asiáticos quedaban sepultados baixo a supremacía americana e as súas melodías sinxelas e pegadizas (Stevens, 2008, pp. 17-20) -aínda que non con tanta forza como no caso do K-pop-.

Cando comezan aparecer os primeiros grupos do pop coreano nos anos 90, especificamente no ano 1996 co éxito de H.O.T. e o seu debut (Lie, 2015, p. 63), xa se pode intuír unha serie de pautas específicas que servirán como base para refinar e mellorar o produto K-pop ata chegar á imaxe que ten na actualidade. Trátanse de grupos de xeralmente 5 ou 6 persoas, todas do mesmo sexo e cunha idade media de entre os 17 e 20 anos, o suficientemente novos para apelar á xuventude e tamén para levar varios anos de adestramento ás súas costas.

Os membros que conforman estes grupos tenden a ser atractivos fisicamente. Sendo belezas de forma natural ou coa axuda de operacións estéticas (Vidal Lyl, 2015) - en Corea do Sur é algo que se pode denominar case como “cultural”-, e tras pasarse moitas horas no ximnasio e realizando dietas imposibles, tanto os rostros como os corpos destes *idols* convértense no soño de, especialmente, o público feminino adolescente (Lie, 2015, p. 106). Asemade, o papel primordial que representa cada membro dentro do grupo asegurará un número fixo de admiradoras, pois cada un deles ten un carácter específico e cumpre cunhas funcións dentro do conxunto e, polo tanto, resultará atractivo para unha ou outra persoa dependendo das súas habilidades únicas e as preferencias do público.

A primeira xeración do K-pop asentou as bases para poder realizar este esquema de éxito que se repetiría nas seguintes dúas xeracións, pero o pop coreano pasaría de ser pronto un produto en solitario a formar parte dun conxunto moito máis grande. Non sería ata os anos posteriores a 1997, tras a crise económica pola que pasou Corea do Sur, cando se conformaría o xa previamente citado *Hallyu*, un fenómeno de masas que afectaría a gran parte do continente asiático primeiro para chegar a principios do século XXI a Australia, Europa ou América Latina (Dixon, 2011) e no cal o K-pop tivo sempre o principal papel protagonista, pero do que tamén forman parte os K-dramas<sup>10</sup> ou dramas coreanos, o cine e incluso *variety shows* tales coma *Running Man*<sup>11</sup>.

---

<sup>10</sup> Os K-dramas caracterízanse por ser series de curta duración, normalmente de entre 18 e 20 capítulos, cunha única temporada e que se centran en historias de amor cun importante contido familiar e nos que se poden apreciar os valores e costumes coreanos.

Tras eles aparecerían grupos como TVXQ –un dos máis famosos en Xapón e que incluso formaron parte da OST do anime “One Piece”<sup>12</sup>- ou o gran éxito do grupo Super Junior “Sorry Sorry”, ambas bandas pertencentes á SM Entertainment. Pero non pode falarse do K-pop, especialmente cando se fai referencia ó éxito do K-pop nas illas niponas, sen nomear a grupos como Big Bang –o cal forma parte da YG Entertainment, a compañía do que Yang Hyun Suk é o CEO-, KARA ou, sen asomo de dúbida, Girls’ Generation (Lie, 2015, p. 105).

Grupos cunha capacidade de atracción tal que os tickets dos seus concertos nestes países asiáticos véndense en cuestións de minutos e cuxos nomes resoan nas televisións de países latinoamericanos, do estadounidense e, inclusive, en España –nunha reportaxe realizada por parte do canal La Sexta sobre o fenómeno do K-pop<sup>13</sup>-. O seu éxito é tan grande que en Youtube pódense atopar todo tipo de vídeos de todas partes do mundo, normalmente creados por admiradores, onde aparecen bailando as coreografías preferidas e máis coñecidas dos seu grupo favoritos (Korean Culture and Information Service South Korea, 2011, p. 17).

A terceira xeración chega aínda máis lonxe e, en casos como os de EXO, os grupos nacen xa pensados para facer promocións simultaneamente en distintos países, sendo os casos de China e Corea do Sur no caso do exemplo grupo citado, dividíndose así o grupo en EXO-K (o representante coreano) e EXO-M (representante mandarín), con seis membros en cada unidade e contando con 4 membros do país veciño nas súas liñas.

Tal e como describe Song Cheol Min no seu libro *K-pop Beyond Asia* (Song, 2012), dentro do pop coreano poden distinguirse dúas ramas principais que engloban os

---

<sup>11</sup> Programa de entretemento conformado por seis membros fixos do programa e o que acoden invitados –tanto actores coma músicos ou outros membros do mundo do espectáculo- para realizar todo tipo de probas físicas e, nalgúns episodios, mentais. Tanto o programa como os seus membros son moi coñecidos en toda Asia, especialmente China, e contan xa con varias gravacións especiais en varios destes países.

<sup>12</sup> Trátase do Opening 11 de One Piece.

<sup>13</sup> A reportaxe, que apareceu nas Noticias da canle La Sexta, orixinou unha onda de indignación dentro da comunidade de fans do K-Pop en España no ano 2011 debido ó ton despectivo que se empregou para falar deste fenómeno e a simplificación do mesmo. Actualmente o vídeo xa non se atopa dispoñible na páxina oficial de La Sexta, pero si se pode atopar en Youtube.

xéneros do K-pop, as cales son as baladas e a música *dance*. Ambas son facilmente recoñecibles e diferéncianse perfectamente de outros estilos de pop asiáticos, pois as súas influencias americanas e europeas son maiores que, por exemplo, no caso do J-pop.

Aínda que a balada é un xénero musical primordial en Corea do Sur, a música xeralmente promovida polos *idols* é a segunda rama, a *dance*, na que nos imos centrar nun primeiro momento. A música dance coreana caracterízase por ser unha mestura de varios estilos combinados que resultan nun son único e característico do K-pop. As súas fontes principais son o hip hop provinte de América e o disco europeo (Fuhr, 2015, p. 236), pero as influencias de xéneros son tamén evidentes, e cada grupo ou artista tende a posuír un son que os fan diferentes dos demais, únicos en certo sentido.

Grupos como Big Bang, SHINee, INFINITE, SISTAR, f(x) ou solistas como IU e Ailee contan con estilos musicais claramente definidos, de tal maneira que os novos cantantes teñen que ter moito coidado para evitar ser acusados de plaxio ou ser directamente tratados como copias de artistas xa consolidados en Corea do Sur.

Son estes sons os máis parecidos á música americana e europea, aquela que os occidentais adoitan escoitar e para a cal o oído está máis acostumado e adestrado. Por outro lado, mentres que o K-pop conta con esa personalidade propia da música asiática, o contraste non é tan rechamante como pode suceder có caso do J-pop, citado previamente; un exemplo no que o estilo de música xaponesa está moito máis marcado (Stevens, 2008, pp. 23-24), con melodías que non resultan tan próximas á música pop popular en Europa ou América, o que pode dificultar a súa aceptación nestas partes do mundo –salvo nos casos de pequenos colectivos xa afeitos a ela por influencia, por exemplo, do anime–.

As baladas, en contraposición, teñen un compoñente máis próximo á música tradicional coreana que a música dance propia dos *idols*, e normalmente son a carta de presentación de solistas debutantes, así como dos artistas que xa teñen unha certa idade e maior percorrido musical. Cantantes como Jo Sung Mo ou Baek Ji Young (Lie, 2015, p. 64) son coñecidos en toda Corea do Sur e, especialmente no caso da segunda artista, moi reclamados á hora de realizar as BSO dos dramas coreanos e películas.

Tamén se trata do xénero onde moitos *idols*, especialmente os que son considerados como “as voces principais” dos seus grupos, poden mostrar o seu



potencial como cantantes e demostrar que son algo máis cunha cara bonita, maquillaxe, bailes e espectáculo. É unha das maneiras máis efectivas que teñen para romper ese estereotipo pexorativo que sofren moitas veces os compoñentes das bandas coreanas, tanto dentro como fora do seu país. E, sumado a isto, o feito de que estes *idols* canten baladas clásicas da música coreana facilita que a xuventude descubra esas pezas tradicionais.

Agora ben, non se pode falar da música pop coreana sen mencionar un dos estilos máis antigos e tradicionais da península, e este non é outro que o *trot*. Xurdido na época da invasión xaponesa, o *trot* caracterízase pola vibración constante da voz da ou do cantante ó longo de toda a canción (Hyunjoon & Seung Ah, 2017, p. 63; Lie, 2015, p. 37-38). Pola súa melodía tradicional, é común que sexan as xeracións máis vellas as que se interesen por este xénero, pero tamén é habitual que os *idols* tenten imitar esta forma de cantar en programas musicais ou *variety shows*.

Pero, aínda que este estilo musical pode ser escoitado en ocasións pola xuventude, historicamente está máis relacionada coa xente maior e co rural. Soamente nos anos 60 e 70, co movemento migratorio da poboación dende o campo ata as cidades, comezaría a ser escoitado pola xente de un estatus social máis elevado ata alcanzar un prestixio moito maior do que tiña anteriormente (Lie, 2015, p. 42). Aínda así, non sería ata os inicios desta década cando a cantante Hong Jin Young lograría atraer a todos os públicos ó cantar *trot* sen necesidade de vestir un *hanbok* –traxe tradicional feminino en Corea- nin ter máis de 40 anos –era común que as mulleres cantantes de *trot* tiveran ou aparentaran ter unha idade superior á trintena-. Grazas ó seu carácter alegre e unha imaxe de persoa normal e aberta (KBS World TV, 2017) ademais do seu don musical, a súa popularidade transcende calquera xénero e idade.

En definitiva, o K-pop preséntase case como un elemento esencial para propiciar o achegamento á música asiática, especialmente para a mocidade dos países occidentais, e a porta de entrada para todo aquel interesado en coñecer máis e mellor os distintos estilos que existen no grande continente veciño, repleto de países con distintas tradicións e sons imposibles de escoitar noutras partes do mundo.

Non obstante, o fenómeno da música pop en Corea do Sur e a súa expansión pode levar á desaparición dun son único. Os beneficios de achegarse a un estilo melódico mundialmente coñecido e moitas veces imitado como é o da música que provén de

EEUU xoga en contra da diversidade. Pero, por outro lado, “en moitos sentidos, as propiedades acustemolóxicas da música pop son o retrato por excelencia da interculturalidade acústica global.” (Cheng Chye Tang, 2012, p. 95). Así pois, esta fusión permite que un maior público poida sentirse atraído polo fenómeno do K-pop e, desta maneira, non só achegar un estilo musical creado nun país ó resto do planeta, senón tamén unha cultura.

### 3. Un medio didáctico entretido

Cando nunha clase de historia ou literatura aparece o termo “global”, habitualmente a lección ou a temática en cuestión soamente abarca Europa e, en última instancia, América. É estraña a ocasión na que se explican sucesos que acontecen ou aconteceron noutras partes do mundo, a non ser que teñan algún tipo de relación cos feitos históricos acaecidos nos continentes previamente citados. E o mesmo acontece coa música. Unha clase que se cursa un par de anos no instituto e na que, por norma xeral, se aprenden as obras máis importantes dos grandes clásicos europeos e se toca algún instrumento, sen chegar a afondar moito máis no significado da música nin tentar atraer ó alumnado a ela con composicións máis actuais, coas que se poidan sentir identificados.

Trátase de ofrecer unha visión xeral e superficial, xeralmente centrada na música europea. Pouco tempo hai para introducirse en outros estilos musicais, converténdose máis nunha aula sobre a Historia da música que en algo práctico e produtivo para os estudantes. Así mesmo, os gustos musicais e as preferencias dentro desta arte son algo que se vai definindo na vida dun individuo co paso do tempo, influenciados polo entorno familiar, os amigos e o percibido a partir das distintas plataformas audiovisuais e internet; vai en consonancia coa personalidade e os gustos de cada persoa, pero tamén pode adquirirse a partir da aprendizaxe. Para iso, a metodoloxía educativa e o material empregados son claves á hora de conseguir que o estudante sinta un maior ou menor interese polo que se lle intenta amosar.

Como xa se dixera previamente, nun mundo tan globalizado como o actual a música conta có potencial suficiente para empregarse como vía de coñecemento e introdución a outras culturas (Ho, 2017, pp. 6-7), un encadre global que dificilmente se pode conseguir en outro tipo de materias. Cun elemento tan básico coma unha peza musical que dura de media uns tres ou catro minutos, pódese presentar unha forma de facer arte que é exclusiva de cada parte do planeta. As variacións, as melodías, os instrumentos empregados ou as escalas reproducen unha tradición musical propia de cada cultura. Poden ser máis ou menos distintas entre elas, pero sempre teñen identidade propia.

Cando o público ve un vídeo musical e escoita un estilo específico de música, non está soamente a apreciar unhas notas musicais e un baile, ou unhas imaxes que narran unha historia acorde á letra que se está percibindo, senón que tamén está a presenciar un estilo de vida, uns valores e unha tradición propios do país ou comunidade da que procede o compositor, cantante ou grupo que fabricaron esa obra e a interpretan.

A música non é soamente melodías, voces e instrumentos, senón que abarca moito máis; é unha forma de expresión que representa a toda unha cultura (Lines, 2009, pp. 36-37). Por outra parte, os modelos referidos unicamente serven para facer mención a un estilo musical que, como norma xeral, é definida como “popular” ou “de masas”; o mesmo estilo que tende a ficar excluído nas aulas de música, o contrapunto da tradicionalmente denominada “música culta” e que xeralmente se ensina nas institucións educativas. Dito de outro modo:

[...] a “música da escola” e o que para os alumnos é a “música real” sitúanse a unha distancia considerable. Este distanciamento soe ser a causa dunhas actitudes de desprezo sen máis da “música da escola”, ou dunha aceptación reticente de que pode ter valor para algúns, pero non para eles persoalmente. (Lines, 2009, p. 31)<sup>14</sup>

A alienación que se produce na mente do alumno entre o que el considera música real e o que acostuma escoitar na súa vida privada parece bastante evidente. E se este suceso se produce cando os estilos musicais ós que se fan referencia nas aulas son de orixe occidental, cabe preguntarse que grado de disociación se pode establecer na mente dunha persoa cando se introduce o elemento asiático na ecuación.

Porén, a necesidade de superar estas barreiras culturais e artísticas semella algo necesario e imperativo na sociedade actual, pois non se pode chegar a comprender e apreciar como igual algo ou a alguén co que non se pode sentir empatía. En definitiva, trátase de potenciar a adquisición de “valores sociais no alumnado” (Alsina, 2006, p. 12) nas etapas da vida onde se conforma o individuo, a súa personalidade, o seu carácter e a súa forma de percibir o mundo; é cando a introdución e o estudo de outras culturas, as súas tradicións, as súas semellanzas e, principalmente, as súas diferenzas, son aspectos fundamentais para una “formación integral do alumnado” (Alsina, 2006, p. 12).

---

<sup>14</sup> Tradución feita do castelán pola autora deste traballo.

É por iso que, aínda que tradicionalmente a música pop e a rock foron tratadas como músicas populares, creadas para as grandes masas e que carecen realmente das características necesarias para ser consideradas como “música de calidade” ou cun valor artístico real -termo habitualmente empregado para facer referencia a pezas de música clásica e semellantes, uns estilos que resultan xeralmente alleos ás preferencias musicais da xuventude, pois os seus gustos adoitan estar máis dirixidos á música de tendencia e contemporánea-, a relevancia e poder que teñen dentro da cultura popular e na mocidade son algo que se debe ter en conta á hora de crear material de estudo que resulte estimulante para o alumnado.

[...]a alumna que non está motivada pola música non se achegará a un concerto; o alumno que cree que a música consiste unicamente en encher fichas ou estudar a súa historia, non quere achegarse a unha escola de música nin a un conservatorio. (Alsina, 2006, p. 16)<sup>15</sup>

Novamente cabe remarcar que, se iso é o que acontece coa música clásica de Occidente, os intentos por achegarlles melodías de outros países e continentes cuxos orixes se remontan a varios séculos atrás serán aínda menos frutíferos, a pesar de que estes se consideren patrimonio cultural, pois o único que escoitará o alumno serán sons totalmente alleos ó que acostuman ouvir e que, no mellor dos casos, produciralles desconcerto e confusión.

Dentro deste contexto de alienación, o K-pop preséntase como unha solución plausible e orixinal ante as difíciles situacións retratadas sobre estas liñas. En base ás palabras de Wai-Chung Ho, a “música popular se pode entender como un campo no que forzas sociais participan na produción de bens culturais” (2017, p. 5). Así pois, o pop coreano aparece como un elemento novo que representa un estilo musical chegado dende o outro lado do mundo, creado por e para a xuventude e que fusiona o estilo oriental e o occidental ata crear un son único e difícil de replicar, pero que pode apelar ós gustos da mocidade.

Big Bang ten un son moi americano, o que seguramente o converta na mellor opción –se non unha das primeiras- para realizar unha primeira toma de contacto cos alumnos, proseguindo a continuación con Girls’ Generation ou KARA, grupos máis

---

<sup>15</sup> Tradución feita do castelán pola autora deste traballo.

recentes e que contan cunha influencia occidental maior, o que resulta máis útil á hora de realizar un primeiro contacto co alumno inexperimentado. E tanto Big Bang como Girls' Generation contan, ademais, con cancións cantadas integramente en inglés, o que supón un incentivo máis para aproximarse ó K-pop a partir destes grupos.

Unha constante que se pode apreciar nas músicas populares é a do emprego do *hook*, unha frase, palabra ou melodía claves que conseguen crear un sentimento de atracción. Un elemento repetitivo e aditivo que logra ficar na memoria do oínte, o que asegura a súa futura recorrencia. Agora ben, mentres que na composición occidental o habitual é que este elemento se dispoña no refrán da canción, no K-pop tende a configurar o núcleo sobre o que se articula a “configuración da súa estrutura formal” (Fuhr, 2015, p. 88).

O alumno pode centrarse así nas mesturas dos distintos estilos artísticos e intentar realizar algo similar con cancións do seu propio país, unha maneira práctica e inventiva de desenvolver a creatividade e empregar elementos alleos ós previamente coñecidos e usualmente empregados na cultura occidental. Estructuras musicais distintas, con refráns e compases que varían en canto á percepción da música americana e europea, como é o emprego do *hook* previamente citado, o cal normalmente aparece unha media de tres a catro veces dentro dunha melodía, nos versos que non se encadran dentro do refrán, e que consta dunha duración de entre 30 e 40 segundos (Fuhr, 2015, p.88).

Agora ben, a importancia do K-pop dentro da ensinanza non reside soamente no seu emprego como fío que conecta as composicións orientais coas occidentais, ou a música tradicional coa contemporánea. O seu valor reside en que, ó manter ese equilibrio entre os dous mundos, o alumno pode atopar un son recoñecible e acorde ós seus gustos e, ó mesmo tempo, descubrirse ante algo novo. Un compoñente descoñecido e moitas veces estafalario que, ademais de captar a atención do público –tanto no plano auditivo como no visual-, pode ocasionar sentimento de ridículo ou incluso de vergoña que, ó mesmo tempo, captura ó espectador e o logra manter o seu interese vivo e os seus sentidos totalmente centrados no que está percibindo a través deles. Porque, aínda que é certo que “non é o mesmo humor o que se celebra en todas as culturas” (Pastor Vico, 2006, p. 104), soamente hai que pensar no caso do éxito mundial “*Oppa Gangnam Style*” de PSY<sup>16</sup> e como se converteu no vídeo máis visto da historia de Youtube e un dos

---

<sup>16</sup> Cantante de 37 anos pertencente á compañía YG Entertainment (Fuhr, 2015, p. 238)

éxitos do verán grazas, en grande medida, a ese sentimento de asombro, incredulidade e humor por parte tanto dos espectadores de todas as partes do mundo como do propio artista (Choi, 2015, p. 96).

Outro elemento moi empregado e que pode servir ó alumno na hora de achegarse ó pop coreano é o da aparición de frases ou palabras en inglés, moitas veces carentes de sentido dentro do contexto narrativo da canción, pero que conseguen centrar a atención do público internacional (Choi, 2015, p. 28). Esta atracción –que se pode producir tanto por tratarse o inglés dun idioma mundialmente coñecido como pola contrariedade que produce no ouvinte escoitar estas frases incoherentes introducidas nunha melodía cantada nunha linguaxe descoñecida-, supón a unificación do *hook* co elemento humorístico. Trátase da configuración dun dobre gancho, pois “se a risa fainos sentir ben desexaremos continuar esa situación que a produce sempre” (Pastor Vico, 2006, p. 192).

O K-pop tamén se caracteriza polo uso do rap, o cal aparece integrado na canción como unha secuencia que serve para variar a cadencia melódica (Choi, 2015, p. 29) e na que normalmente se usan as frases en inglés citadas no parágrafo anterior. O compás de 16 tempos propio do hip hop –xénero que introduciu e popularizou ó rap en Corea tras o éxito do grupo Seo Taiji and Boys- marca esa variación rítmica. O ritmo emprégase como base para unha gran maioría das cancións do pop coreano, pensado para as coreografías dos grupos, o que demarca a música *dance* e electrónica de Corea da procedente de Europa e o seu emprego do compás a catro tempos (Lie, 2015, p. 105).

Así pois, o alumno pode practicar e crear novas composicións coa combinación de distintos tempos e compases seguindo o exemplo da música *dance* coreana, seguindo o exemplo de ritmos pouco coñecidos nas composicións occidentais, sen esquecerse da mestura de idiomas o a combinación de distintas secuencias musicais.

Non obstante, existe outro xénero dentro do K-pop que preserva o espírito dunha música coreana mais tradicional, con ritmos máis harmónicos e compases que gardan unha maior relación co J-pop: a balada. A composición caracterízase por un ritmo a “tempo medio” (Fuhr, 2015, p. 84) e o uso de instrumentos en detrimento do sintetizador propio do xénero *dance*, onde as cualidades vocais dos cantantes son o principal elemento a resaltar. Atendendo a estas características, pódese afirmar que as baladas achéganse máis ós compases de 8 tempos propios do J-pop e dos primeiros anos

do K-pop (Lie, 2015, p. 104), polo que non só as converte en magníficos exemplos de estudo do K-pop, senón que supoñen un fío de unión para achegarse a un estilo musical tan exclusivo como é o pop xaponés, o cal conta con moita máis influencia e cadencias orientais nas súas composicións musicais.

Unha vez adquiridos certos coñecementos sobre o K-pop, a inserción da música *trot* a partir da figura de Hong Jin Young achegará ó alumado a un estilo musical máis asiático e tradicional, caracterizado polo emprego de compases de 2 ou 4 tempos (Lie, 2015, p. 104), un ritmo moito máis lento en comparación cos vistos ata o momento nos dos principais xéneros distintivos do K-pop. Grazas á modernización que se produciu neste xénero, o alumno pode aprender non só unha maneira nova de compondor, senón tamén de cantar. A vibración e falsa voz propias do *trot* achéganse moito máis ás formas tradicionais de canto na música oriental. Sempre manténdose un punto de unión entre os clásicos e a música contemporánea a través do labor desta cantante, escoitar e tentar cantar calquera canción de Jin Young achega ós alumnos ás técnicas de canto orientais dunha maneira entretida e sen resultar impositiva.

Por outra banda, tamén se pode realizar un achegamento ó K-pop a través das bandas musicais. Grupos como F.T. ISLAND, CNBLUE ou DAY6 representan ese colectivo minoritario –pero non por iso con menor importancia pois, especialmente os dous primeiros, contan cunha grande representación nos mercados musicais internacionais e unha notoria carreira musical en países asiáticos como Xapón-, e a partir deles os alumnos poden ensaiar e practicar as súas composicións con instrumentos comunmente empregados en Occidente tales como a guitarra, o baixo ou a batería.

En calquera dos casos, trátase de música maioritariamente pop, o que supón a introdución deste estilo nas aulas e que, en base ás palabras de Alsina, favorece a:

Que se suprima a separación entre a música superior <<culta>> e a música inferior (no occidental, popular, etc.) xa que esconde aquilo que a educación sempre deba evitar, é dicir a imposición dogmática do criterio persoal adulto en substitución e por encima da potenciación do criterio crítico, creativo e espontáneo do alumnado. Unha percepción crítica soamente pode conseguirse



partindo dun proceso que amplíe a percepción (e o sentidos) a todo o que lle rodea; non dun proceso que coarte esta percepción. (2006, p. 16)<sup>17</sup>

Seguindo esta liña de pensamento, a introdución do K-pop na educación musical pode beneficiar non unicamente á ensinanza da música oriental dentro das aulas no sistema educativo occidental, senón que abre as portas ó emprego do pop e o rock de todas as nacionalidades en calquera parte do mundo. A eliminación de barreiras e de falsas clasificacións e estratificacións sociais e culturais en beneficio do uso de ferramentas e exemplos prácticos que lles permitan ós alumnos construír e desenvolver ideas e capacidades creativas das que poidan facer uso no seu futuro; que lles fagan pensar e desexar cousas; que lles fagan sentirse valorados e que teñen dentro deles algo útil para aportar á humanidade. “A música popular tamén pode servir como ferramenta para un desenvolvemento social e para inspirar á xente a desenvolver o seu potencial e facer grandes contribucións dentro da súa comunidade.” (Ho, 2017, p. 6).

O K-pop non é o estilo pop puro europeo ou americano que se acostuma escoitar nas radios e nos locais comerciais ou de hostalería, senón que ten esa marca propia que o fai único e mundialmente identificable. E grazas a esta fusión occidental e oriental, estáselle abrindo as portas a novas melodías sen que a inevitable fricción entre a cultura oriental e a occidental resulte nunha colisión imposible de salvar.

O obxectivo é estudar de forma práctica e experimental os distintos xéneros que existen dentro da música popular. Así, se pode facer unha comparativa entre o hip hop americano e o coreano, analizando os distintos usos rítmicos e melódicos de cada estilo –o rap, o *beatboxing*, o ritmo base (Lie, 2015, p. 105)-. O mesmo proceso se pode realizar coas baladas, analizando a composición dunha canción coreana, xaponesa, europea ou latinoamericana, ou entre o rock xaponés e o estadounidense. Multitude de probabilidades que se poden extrapolar tamén ás diferentes expresións musicais dentro das propias nacións, como pode ser o caso de España e estilos como o flamenco, a muiñeira ou a xota aragonesa.

Trátase dunha metodoloxía baseada no emprego dun modelo que combina distintos xéneros presentes en case todas as músicas do mundo para achegarse a todos eles a partir das súas semellanzas. Un nexo común que sirva para realizar un enfoque

---

<sup>17</sup> Tradución feita do castelán pola autora deste traballo.

xeral e, a partir dese punto inicial, analizar as diferenzas mediante a escoita e a experimentación por parte dos alumnos.

A ensinanza debe aportar coñecemento e unha base teórica sobre a cal o alumno poida asentarse as súas bases de pensamento, adquirir datos que lle permitan ver o mundo desde as súas distintas perspectivas, poder observar as múltiples oportunidades que hai nel. Pero tamén debe dar cabida ó práctico, a deixar devagar a mente de cada individuo e que este poida facer uso do seu raciocinio e creatividade; educar “xente pensante e creativa” (Arechavala Silva, 2003, p. 53).

Por outra banda, a práctica tamén debe acompañarse cunha base teórica que permita comprender mellor os motivos polos que os distintos fenómenos culturais son creados. Coñecer a historia e as bases culturais sobre as que se asentaron as diferentes formas artísticas é unha parte fundamental para poder apreciar e entender as mesmas, e no caso da música non é unha excepción. Ó igual que no primeiro apartado deste traballo se fixo un breve resumo sobre a historia contemporánea de Corea a modo de introdución para explicar a aparición do K-pop, o mesmo se pode facer en relación ó resto de culturas ás que se fai referencia nas aulas. Así mesmo, canto máis se retroceda na historia e nos distintos fluxos artísticos, máis doado será a introdución de estilos musicais máis tradicionais e antigos. Como exemplo, a música clásica poderá ser comparada con outras composicións tales como o *Gagaku* ou o *Hyanguk* -música coreana da corte- (Profesor Pope, 2016), ou o *Nō* (Profesor Pope, 2016) coa ópera.

En definitiva, O K-pop resulta unha ferramenta fundamental para a introdución das denominadas “músicas populares” nas aulas e fomentar a homoxeneización desta arte en todas as súas vertentes, sen clasificacións nin diferenciacións entre música “cultura” e “de masas”; tamén é clave para o estudo da música coreana en particular e asiática en xeral no sistema educativo occidental, grazas a ese equilibrio entre o mundo oriental e o occidental; e por último, serve como exemplo á hora de abrir posibilidades para a creatividade e produción por parte do alumno, así como un modelo a seguir para a xuventude que toma como referencia o traballo e o éxito de toda esa xente nova que conforma o mundo do K-pop e que gradualmente está logrando dar a coñecer ó mundo un país que ata hai apenas sesenta anos estaba totalmente desmembrado por causa dunha guerra e sobrevivía case na súa totalidade da agricultura (Lie, 2015, pp. 82-83).

## 4. Conclusión

Ó longo de todo este traballo tratouse de facer referencia á importancia que ten a música á hora de unir e homoxeneizar a percepción de outras culturas por parte do individuo. Seguramente un dos factores máis relevantes para que se produza esta falta de prexuízos sexa que se trata de un arte que se percibe unicamente a través do ouvido. Non hai imaxes nin rostros que sirvan para identificar á persoa que se atopa detrás das voces e instrumentos que se perciben grazas ás ondas sonoras; non tonalidades de pel, cores de pelo, volumes corporais nin –salvo no caso dos cantantes- xéneros.

Agora ben, o K-pop non é unicamente música, senón que é todo un produto cuidadosamente creado, perfeccionado e distribuído. A estética, as actuacións e as coreografías apelan ó público máis novo, e é moi común que os fans se graben practicando bailes para a posterior subida deses vídeos fanmade á web (Choi, 2015, p. 26). Unha experiencia musical que vai moito máis alá do ouvido e que traspasa as aulas e as fronteiras idiomáticas e culturais, logrando conectar a público de todo o mundo a través dunha afición común e a diversión que esta ofrece.

A través do K-pop pódense coñecer outros estilos musicais, pero o alumno que esté interesado chegaría a ter un coñecemento da cultura coreana moito maior e máis profunda. O material que se pode atopar en internet é múltiple e de fácil acceso. A maioría do contido que se distribúe pola rede encóntrase en inglés ou subtulado a este idioma (Korean Culture and Information Service South Korea, 2011, p. 22), permitindo a todo o público internacional ter acceso a programas, vídeos, entrevistas e demais eventos nos que participan os seus *idols*, todo isto en gran parte gracias ó apoio do propio goberno coreano

Así mesmo, o feito de que un reducido número de *idols* se introduzcan no mundo da interpretación favorece o visionado de series e películas por parte dos seus seguidores (Choi, 2015, p. 5). Exemplos como Eunji en *Reply 1997* (tvN, 2012), Siwan en *Misaeng* (tvN, Misaeng, 2014), Kim Hyun Joong en *Boys Over Flowers* (KBS2, 2009) actuando en dramas ou Sulli en *Pirates* (Hoon, 2014), Do Kyung Soo en *Cart* (Young, 2014) en largometraxes son proba desta diversificación artística por parte dalgúns destes xóvenes talentos. Así pois, os *idols* lideran a onda *Hallyu* a través do K-pop, pero tam conseguen que un gran número de seguidores –tanto nacionais como

internacionais- se interesen tamén no cine e nos dramas coreanos, atraendo ó público e logrando achegarlles a cultura do seu país.

Por outra banda, o K-pop é un canon a seguir no referente á fusión da música coas novas tecnoloxías. Como modelo empregado está o *hook* característico do K-pop de 30 ou 40 segundos duración, o cal está pensado para o posterior emprego deses fragmentos no mercado dixital e tecnolóxico en forma de melodías de chamadas, espertadores, alarmas para móbiles, anuncios e outras utilidades semellantes. (Fuhr, 2015, p. 88). Trátase dunha estratexia de creación e comercialización, un exemplo que pode ser de utilidade para o alumno no seu futuro profesional, ademais de servir como modelo creativo musical. Nun mundo cada vez máis globalizado e dixital, ter presentes estas novas alternativas supoñen un beneficio para o seu porvir.

A situación xeográfica da península de Corea a converteu dende séculos atrás nun punto de unión entre o continente e as illas xaponesas, o que pode repercutir nesa capacidade de absorción de diversas culturas e da fusión das mesmas. Centurias de constante influxo maioritariamente de orixe oriental e que, tras o fin da Guerra de Corea, viuse acrecentada coa chegada do estadounidenses. Os coreanos souberon escoller o mellor de ambos mundos, unilos, aproveitar o seu desenvolvemento económico e tecnolóxico para melloralo e crear un híbrido que se pode ver reflectido no K-pop, pero que impregna a toda a sociedade coreana.

En definitiva, xa sexa para introducir a música pop ou a música asiáticas nas aulas de música, para aprender múltiples posibilidades de composición a través de distintos xéneros, ritmos e instrumentos, para o uso práctico da música dentro das clases e fomentar a creatividade do alumno, para servir como canle de unión entre distintas artes ou como exemplo que pode servir para un futuro profesional, o K-pop presenta características únicas, difíciles de atopar no seu conxunto en calquera outro estilo musical.

Son estas calidades as que salientan a boa elección do K-pop como modelo para introducir simultaneamente a “música de masas” e a oriental nas aulas. A división que se tende a realizar entre a previamente citada e a denominada “música de calidade”, así como á tendencia no sistema educativo a impartir leccións maioritariamente teóricas da segunda categoría musical, o que se traduce nunha alienación na percepción do que é considerado como “música” na mente do alumno e que repercute de forma negativa na

música e os valores. Así pois, o K-pop se presenta como un paliativo ante un uso tan teórico y divisorio desta arte, como un referente para remarcar a importancia que ten coñecer as distintas culturas no mundo globalizado actual e para fomentar a creatividade do alumnado de forma máis práctica e entretida.

Empregando a música como ferramenta educativa -xa sexa a través do K-pop ou doutro xénero musical-, adquirese un coñecemento maior da actualidade e das distintas sociedades que conviven no planeta, todas iguais de importantes. Ademais de indagar nas artes, a cultura e a historia que as compoñen e de entender os porqués das súas tradicións e costumes, temas actuais como é o caso da “apropiación cultural” (Gómez Lizarraga, 2017) poden ser tratados, entendidos e explicados de maneira que a xuventude teña unha maior concienciación do que aconteceu e acontece no mundo.

A influencia da música no ser humano é grande e abarca toda unha ampla gama de estudos que o demostran. O *feed-back* cultural (Song, 2012, p. 27) entre a música coreana e a música occidental é soamente un exemplo desta corrente contínua e multidireccional que existe entre as distintas culturas do mundo, xa sexa unicamente grazas ó interese particular de unha persoa por coñecer o que existe máis alá do cotidián ou polo aprendido nas aulas. E, sen deixar de empregar o exemplo do K-pop, as diversas obras referenciadas ó longo deste traballo son unha proba do impacto que un fenómeno cultural pode ter en diversas partes do mundo; o poder da música e o seu valor como canle comunicativa dende os inicios da civilización.

## 5. Referencias

- @Heartofthe5\_ (s.d.). History in Japan. Recuperado de <https://tunisiancassies.wordpress.com/history-in-japan/>
- [Artigo sobre o IDH en Corea do Sur] (s.d.). Corea del Sur – Índice de Desarrollo Humano – IDH. Datosmacro. Recuperado de <http://www.datosmacro.com/idh/corea-del-sur>
- [Entrada de blog, resumo da historia do K-Pop] (s.d.). The History of Kpop (and Korea). Cynical Kpop. Recuperado de <https://cynicalkpop.wordpress.com/korean-development/>
- [Noticia sobre proceso xudicial da SM Entertainment con ex-membros chinos]. (s.d.). Legal disputes continue between S.M. and ex-EXO members in China. AsiaOne. Recuperado de <http://news.asiaone.com/news/showbiz/legal-disputes-continue-between-sm-and-ex-exo-members-china#sthash.2UL7PIjh.dpuf>
- Alsina, P. (2006). *El área de la educación musical. Propuestas para aplicar en el aula*. Barcelona: GRAÓ.
- Arechavala Silva, R. C. (2003). *Pedagogía del humor*. Tegucigalpa: Guaymuras.
- Arirang [en liña]. [Data de consulta: 11 de xaneiro do 2017]. Disponible en: <http://www.songkick.com/artists/6143449-vixx>
- Billboard. (21 de Maio de 2017). *Billboard*. Obtido o 29 de Maio de 2017, de Billboard: <http://www.billboard.com/articles/news/bbma/7801136/billboard-music-awards-2017-winners-list>
- Canal Once [Canal Once] (2013, setembro 30). Documental – El milagro coreano. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=nK17Ac0Es60>
- Canal Once [Canal Once]. (2013, setembro 30). Documental – La ola coreana. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=akiripN-PAk>
- Cheng Chye Tang, M. (2012). *Acoustic Interculturalism: Listening to Performance*. Nova York: Palgrave Macmillan.

- Choi, J. B. (2015). *K-pop – The International rise of the Korean Music Industry*. Nova York: Routledge.
- Dixon, T. (17 de Agosto de 2011). The journey of Cultural Globalization in Korean Pop Music.
- Fuhr, M. (2015). *Globalization and Popular Music in South Korea: Sounding Out K-Pop*. Nova York: Routledge.
- Galafilm Production y Pathé Archives. (2003). Corea, la guerra inacabada.
- GhostWriter. (7 de Noviembre de 2011). *allkpop*. Obtido o 21 de Marzo de 2017, de allkpop: <http://www.allkpop.com/article/2011/11/big-bang-wins-best-worldwide-act-at-mtvs-2011-europe-music-awards>
- Gómez Lizarraga, A. (12 de 06 de 2017). *Los 40*. Obtido o 22 de 06 de 2017, de Los 40: [http://los40.com/los40/2017/06/12/musica/1497290671\\_457119.html](http://los40.com/los40/2017/06/12/musica/1497290671_457119.html)
- Haas, C., HEMON, C. Oung, C. (s.d.) TPE: The Universality of Music. Recuperado de: <https://tpemusiquesia.wordpress.com/what-makes-oriental-music-sound-different/>
- Ho, W.-C. (2017). *Popular Music, Cultural Politics and Music Education in China*. Nova York: Routledge.
- Hoon, L. S. (Director). (2014). *Pirates* [Película].
- Hyunjoon, S., & Seung Ah, L. (2017). *Made in Korea: Studies in Popular Music*. Nova York: Routledge.
- KBS2 (Director). (2009). *Boys Over Flowers* [Serie].
- Korean Culture and Information Service South Korea. (2011). *K-POP: A New Force in Pop Music*. Korean Culture and Information Service. Ministry of Culture, Sports and Tourism.
- La Sexta [unlimoparati] (2011, maio 11). SNSD – En la sexta (España). Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=OmwbRzv8o7s>
- Lie, J. (2015). *K-Pop: Popular Music, Cultural Amnesia, and Economic Innovation in South Korea*. Oakland: University of California Press.

- Lines, D. K. (2009). *La educación musical para el nuevo milenio: El futuro de la teoría y la práctica de la enseñanza y del aprendizaje en la música*. Madrid: Ediciones Morata.
- mssylee. (8 de Xaneiro de 2015). *allkpop*. Obtido o 12 de Xaneiro de 2017, de sitio web de allkpop: <http://www.allkpop.com/article/2015/01/hong-jin-young-deemed-as-hyuna-of-trot-on-weekly-idol>
- Oficina de información diplomática, 2016. Corea del Sur, República de Corea [archivo PDF]. Ministerio de Exteriores. Recuperado de [http://www.exteriores.gob.es/Documents/FichasPais/Coreadelsur\\_FICHA%20PAIS.pdf](http://www.exteriores.gob.es/Documents/FichasPais/Coreadelsur_FICHA%20PAIS.pdf)
- Pastor Vico, D. (2006). *Morfología del humor*. Sevilla: Padilla Libros Editores & Libreros.
- Profesor Pope, Edgar W. "Japanese Traditional Musicians encounter Bunmei Kaika: Gagaku 雅楽 and Nō 能". *Japan's Interactions with Other Cultures*. 23 de Xuño do 2016.
- Sánchez García, M. (2010). Nacionalismo e identidad nacional en Corea, 1876-1945. *Universitat Autònoma de Barcelona; Facultat de Traducció i Interpretació*. Barcelona.
- Shining\_DJ. (s.d.). Korean Web Dramas. K-Drama Amino. Recuperado de <http://aminoapps.com/page/k-drama/3816047/korean-web-dramas>
- Song, C. (2012). *K-pop Beyond Asia*. República de Corea: Korean Culture and Information Service Ministry of Culture, Sports and Tourism.
- Stevens, C. S. (2008). *Japanese Popular Music: Culture, Authenticity and Power*. Nova York: Routledge.
- tvN (Director). (2012). *Reply 1997* [Serie].
- tvN (Director). (2014). *Misaeng* [Serie].



Vidal Lyl, M. (11 de Xullo de 2015). *Seúl, capital de la cirugía estética*. Obtido o 14 de Xaneiro de 2017, de El País: [http://elpais.com/elpais/2015/07/10/eps/1436534058\\_022542.html](http://elpais.com/elpais/2015/07/10/eps/1436534058_022542.html)

Young, B. J. (Director). (2014). *Cart* [Película].